



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ribeira
Polígono de Torneiros, Fase III, s/n
36410 – O Porriño
☎ 886110414
✉ ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es



galicia

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA

CURSO: 2º CURSO

MATERIAS: LINGUAS, MATEMÁTICAS, CIENCIAS NATURAIS E SOCIAIS

DATA: MAIO 2020

NOME DA TITORA: ALBA GONZÁLEZ RIVAS

ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles das áreas.**
3. **Avaliación e cualificación.**
4. **Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) e materiais e recursos.**
5. **Metodoloxía**
6. **Información e publicidade**

1. Introducción

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática),
- Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional),
- Instrucións de 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de la Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos..).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.



2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles das áreas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
LINGUA CASTELÁ		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda da palabra e mantendo o tema do que se fala.	- Respecta a quenda da palabra e mantendo o tema do que se fala. - Expresa oralmente ideas, sentimentos, vivencias e opinións cun vocabulario axeitado ao seu nivel, con boa pronunciación e orde nas ideas.	CCL CAA CSC
- Ler e comprender o sentido global de distintos tipos de textos orais e por escrito empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	- Comprende o sentido global de distintos tipos de textos orais e por escrito: contos, cancións, poemas, cómics, refráns e adiviñas. - Le e contesta ás preguntas formuladas oralmente e por escrito. - Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	CCL CAA
- Recoñecer a estrutura básica de contos e historias.	- Recoñece as partes dun conto (introdución, nó e desenlace).	CCL
- Ler textos en voz alta ou en silencio, con ritmo, boa entoación, pronunciación e pausas correctas, desenvolvendo o gusto pola lectura.	- Le textos en voz alta ou en silencio, con ritmo, boa entoación, pronunciación e pausas correctas. - Desenvolve o gusto pola lectura.	CCL CAA CCEC
- Extraer información relevante sobre temas da vida cotiá adaptados ao seu nivel. Asociar partes das ilustracións con textos.	- Extrae información relevante sobre varios temas en textos de procedencia diversa. - Asocia a información das ilustracións co contido dos textos.	CCL CAA
- Relacionar partes da oración e escribir con coherencia oracións simples e pequenos textos.	- Relaciona partes da oración e escribir correctamente oracións simples.	CCL CAA
- Producir oracións e textos sinxelos.	- Produce oracións e pequenos textos sinxelos de forma coherente e ordenada.	CCL CAA CSIEE
- Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais e colectivos empregando a linguaxe verbal e non verbal.	- Elabora, de xeito guiado, proxectos individuais e colectivos empregando a linguaxe verbal e non verbal.	CCL CSC CD



Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
LINGUA GALEGA		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	- Respecta a quenda da palabra e mantendo o tema do que se fala. - Expressa oralmente ideas, sentimentos, vivencias e opinións cun vocabulario axeitado ao seu nivel, con boa pronunciación e orde nas ideas.	CCL CAA CSC
- Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral .	- Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	CCL CCEC
- Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	- Le textos en voz alta ou en silencio, con ritmo, boa entoación, pronunciación e pausas correctas. - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.	CCL CAA CCEC
- Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	- Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación. - Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como descrições, instrucións, invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL CAA CSC CSIEE
- Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	- Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL CSIEE CMCT
- Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	- Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. - Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.	CCL CSC CCEC
- Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais e colectivos empregando a linguaxe verbal e non verbal.	- Elabora, de xeito guiado, proxectos individuais e colectivos empregando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	CCL CSC CD



Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
MATEMÁTICAS		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
- Ler e escribir, en cifras e letras, números ata o 999. Identificar o valor posicional das cifras ata o 999.	- Le e escribe, tanto con cifras como con letras, números ata o 999. - Identifica o valor posicional das cifras en números ata o 999.	CMCCT CCL CAA
- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	- Utiliza os números ordinais en contextos reais. - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	CMCCT CCL CAA
- Efectuar sumas e restas con e sen levadas en horizontal e vertical.	- Efectúa sumas e restas con e sen levadas, dadas en horizontal e vertical.	CMCCT
- Empregar o cálculo mental coas operacións de suma e resta para resolver problemas sinxelos.	- Emprega o cálculo mental coas operacións de suma e resta para resolver problemas sinxelos.	CMCCT CAA CCL
- Resolver problemas da vida cotiá con datos numéricos e describir verbalmente e de forma guiada razoamentos e hipóteses na resolución de problemas da vida cotiá.	- Resolve problemas da vida cotiá con datos numéricos. - Describe verbalmente e de forma guiada razoamentos e hipóteses na resolución de problemas da vida cotiá.	CMCCT CCL CSIEE CAA
- Coñecer o uso das táboas de multiplicación con operacións sinxelas en horizontal.	- Coñece o uso das táboas de multiplicación con operacións sinxelas en horizontal.	CMCCT
- Coñecer as medidas de tempo (hora e media hora)	- Coñece as medidas de tempo (hora e media hora)	CMCCT
- Discriminar as formas xeométricas básicas planas.	- Discrimina as formas xeométricas básicas planas.	CMCCT
- Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	- Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica, comunicando a información.	CMCCT CAA



Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
CIENCIAS NATURAIS		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
- Coñecer a procedencia dos alimentos e consumo dos mesmos nos distintos momentos do día.	- Diferenza os alimentos segundo a súa orixe. - Identifica as catro comidas diarias. - Hábitos saudables.	CMCCT CAA CSC
- Identificar os cinco sentidos co seus órganos, as partes do corpo e aceptar e respectar as diferenzas entre unhas persoas e outras.	- Identifica os cinco sentidos relacionándoo co órgano correspondente. - Identifica as partes do corpo. - Aceptación e respecto do propio corpo e dos demais.	CMCCT CCL CAA
- Coñecer a importancia da hixiene, do exercicio e do descanso	- Comprende a importancia de manter unhas normas de hixiene diaria. - Coñece a importancia do exercicio e o descanso para manter unha bos saúde.	CCL
- Identificar animais salvaxes e domésticos, - Observar plantas en distintos soportes. - Respectar e coidar aos seres vivos do contorno e a súa necesidade para a vida.	- Identifica animais salvaxes e domésticos. - Observa plantas en distintos soportes. - Respecta e coidar aos seres vivos do contorno e a súa necesidade para a vida.	CMCCT CAA CCL
- Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	- Valora e aplica usos responsables da auga na escola. - Toma conciencia da importancia de non contaminar. - Reduce, reutiliza e recicla.	CCL CSC CSIEE

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
CIENCIAS SOCIAIS		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
- Traballar en equipo e adotar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	- Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA CCL CMCCT
- Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	- Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. - Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	CCL CSC CMCCT CD
- Diferenzar os elementos naturais dos artificiais: paisaxes naturais e artificiais.	- Diferenza os elementos naturais dos artificiais: paisaxes naturais e artificiais.	CSC CCL
- Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e como persoa usuaria de medios de transporte.	- Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón nos medios de transporte. - Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	CSC CCL CAA
- Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	- Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	CSC CCL



3. Avaliación e cualificación

Para poderes valorar a interiorización dos diferentes contidos vinculados a estes criterios e estándares, fórmulase o seguinte punto:

Avaliación e cualificación		
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> - Revisión das producións e tarefas feitas na casa polo alumnado e enviadas a través do correo electrónico. - Entrevistas coas familias. 	
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> - Producións do alumnado. - Diálogos e conversas coa familia e o alumnado de xeito telefónico e vía mail. - Diario de campo no que se recollen aspectos relacionados co seguimento das tarefas de reforzo e ampliación que se levan a cabo na casa e que se recolle coa información obtida por vía telefónica e correo electrónico. - Listas de control nas que recolleamos o grao de desenvolvemento das competencias que acada cada discente a través das actividades que leve a cabo. - Rúbricas. 	
Cualificación final	PORCENTAXE NA NOTA FINAL	
	1. ^a avaliación	40%
	2. ^a avaliación	50%
	3. ^a avaliación	10%*
	Cualificación total	
<p>*No 10% da 3^a avaliación terase en conta en todo momento as características e situación familiar de cada alumnado. Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social dadas as características particulares do noso centro.</p>		



4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) e materiais e recursos.

Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:</p> <p>Actividades de repaso:</p> <p>Lingua castelá: especial énfase na letura e comprensión oral e escrita de textos variados, escribir historias, modificar desenlaces de historias, realizar un diario, separación de sílabas nas palabras, ordenar frases desordenadas, facer preguntas a partir dunha resposta, levar a cabo diálogos onde expresen a interrogación e exclamación, ditados para traballar a gramática, sopas de letras na que se traballa o vocabulario, encrucillados e o emprego de retos.</p> <p>Lingua galega: especial énfase na letura e comprensión oral e escrita de textos variados, ditados, modificar desenlaces de historias, separación de sílabas nas palabras, ordenar frases desordenadas, facer preguntas a partir dunha resposta, levar a cabo diálogos onde expresen a interrogación e exclamación, sopas de letras na que se traballa o vocabulario, encrucillados, e o emprego de retos.</p> <p>Matemáticas: relacionadas cos números, o cálculo e a resolución de problemas: sumas, restas, táboas de multiplicar, empregando labirintos, dianas de multiplicar, percorridos para chegar a un punto determinado empregando o cálculo, posición dos números e equivalencias entre C,D e U, escritura de números, establecer ordes de maior a menor, series, xogos a través de enlaces de páxinas web.</p> <p>Ciencias Naturais: actividade interactivas, audiovisuais e con imaxes nas que diferencien as partes dunha planta realizando un debuxo posteriormente coas súas partes e o seu proceso para fabricar alimento; nas que clasifiquen as partes do corpo, órganos e funcionamento; a elaboración dunha casa para paxaros, mural sobre un animal e funcións de nutrición, relación e reprodución, etc.</p> <p>Ciencias sociais: actividade interactivas, audiovisuais nas que se buscan as diferenzas entre vilas e cidades e partes delas como barrios, prazas e rúas; relacionar profesións, colocar mares e océanos que rodean España en un mapa, colocar as partes que interveñen no ciclo da auga, diferenciar os estados nos que se pode atopar a auga, textos para traballar a importancia de reducir a contaminación e da reciclaxe, facer un mural con fotos de auga contaminada, etc.</p> <p>Actividades de reforzo: as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos.</p>



Actividades de ampliación: nas actividades citadas anteriormente inclúense

pequenas tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.

Actividades de recuperación: os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.

Materiais e recursos

Puxemos a disposición do alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar desde casa o traballo iniciado nas aulas: ordenadores, libros e cadernos de traballo...

Os recursos que estamos empregando son dixitais, mediante a plataforma E-DIXGAL para o alumnado de 5º e 6º de primaria.

Recursos on-line para facilitar as tarefas do alumnado.

Abalar Móbil e correo electrónico para resolver dúbidas, mandar traballos, comunicados, etc...

O contacto cos familias mantense a través do correo electrónico e especialmente do teléfono cunha frecuencia case diaria.

En termos xerais, os materiais que o alumnado precisa para realizar as tarefas son: un equipo informático con conexión a internet e material escolar de escritorio (libreta, folios, lapis ou bolígrafo, ceras ou lapis de cores, tesoiras e pegamento).

Os recursos didácticos con contidos e información están á disposición do alumnado na plataforma Edixgal para 5º e 6º e na páxina web do centro para o resto do alumnado aportando nas indicacións da tarefas direccións web, libros, cadernos e demais material que deben empregar para realizalas.

5. Metodoloxía

Metodoloxía

Estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.



Agora é aínda máis flexible, activa e motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa e procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe.

Poténciase especialmente, o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente: como transmisoras e xeradoras de información e coñecemento e como medio e recurso de traballo.

Ademais, con esta situación é moi importante un traballo por parte do profesorado en equipo e coordinado, para así compensar as carencias que poida ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan a súa disposición.

Por outra banda, para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 15 de abril contando coa axuda de Protección Civil do Concello do Porriño e aproveitando a súa presenza, entregáronse tamén 6 ordenadores E-dixgal que quedaran no centro. A maiores, foron entregados libros de texto.

Finalmente, engadir que O Concello do Porriño prestou(durante tres meses) 30 routers ás familias que non tiñan conexión a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza novamente de Protección Civil.

6. Información e publicidade

Toda a información correspondente será achegada do seguinte xeito:

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, Edixgal, Webex, correo electrónico e chamadas telefónicas. O Equipo Directivo réunese semanalmente, así como todo o Claustro e os diferentes departamentos (D.O; E.D.L.G; CCP...). Falamos a diario coas familias e cos/as alumnos/as, e ademais, o Equipo Directivo está atento e dispoñible desde o centro a todas as demandas que xorden.
Publicidade	Publicación na páxina web: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribeiraporriño/ Tamén se empregan as redes social de Facebook e Instagram.